



Concello de Cangas

O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria celebrada o 23.08.2019, en relación coa determinación de asignacións económicas, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Establecer o seguinte réxime de dedicacións exclusivas e parciais:

- Alcaldía: dedicación exclusiva de Alcaldía con efectos do 1 de setembro de 2019.
- Concelleira/Concelleiro delegada/delegado de servizo sociais, igualdade, feminismo e sanidade: dedicación exclusiva de concelleira ou concelleiro.
- Concelleira/Concelleiro delegada/delegado de urbanismo e medio ambiente: dedicación exclusiva de concelleira ou concelleiro.
- Concelleira/concelleiro delegada/delegado de servizos, enerxía e turismo: dedicación parcial, 50% da xornada.
- Concelleira/concelleiro delegada/delegado de desenvolvemento económico, emprego, mar e rural: dedicación parcial, 50% da xornada.

SEGUNDO.- Remunerar as dedicacións anteriores nas contías que de seguido se determinan, que resultan de tomar as contías que se estaban a percibir no mes de maio de 2019, isto é, as mesmas dedicacións e polas mesmas contías anteriores ao presente acordo:

Dedicacións exclusivas:

- Alcaldía: 44.918,58 €
- Concelleira/Concelleiro delegada/delegado de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade: 28.473,20 €
- Concelleira/Concelleiro delegada/delegado de urbanismo e medio ambiente: 28.473,20 €

Dedicacións parciais, cunha dedicación equivalente ao 50% da correspondente a unha dedicación exclusiva:

- Concelleira ou concelleiro delegada/delegado de servizos, enerxía e turismo: 14.236,60 €
- Concelleira ou concelleiro delegada de desenvolvemento económico, emprego, mar e rural: 14.236,60 €

As retribucións referidas son en termos brutos, independentes da cotización do concello á Seguridade Social ou mutualidade correspondente e se percibirán en catorce pagas, unha por cada unha das mensualidades do ano e as dúas restantes nas mensualidades de xuño e decembro. O importe das retribucións actualizarase anualmente en función do IPC.

O presente acordo terá efectos desde o día 1 de setembro de 2019 para a dedicación correspondente á Alcaldía.



Concello de Cangas

TERCEIRO.- Modificar a base 52 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2018, prorrogadas a 2019, nos termos indicados no presente acordo.

CUARTO.- Asignar ás concelleiras e concelleiros, de conformidade co disposto na base 52 das bases de execución do orzamento municipal para o ano 2018, prorrogadas a 2019, en concepto de indemnizacións por asistencia a órganos colexiados, as seguintes cantidades:

- Por asistencia a Pleno, a cantidade de noventa euros (90,00 €).
- Por asistencia a Xunta de Goberno Local, a cantidade de trinta e seis euros (36,00 €).
- Por asistencia a comisións informativas, o presidente percibirá a cantidade de trinta e seis euros (36,00 €) e os vogais a cantidade de vinte e catro euros (24,00 €).

QUINTO.- Asignar unha cantidade a fixa cada grupo político, ao abeiro do artigo 73 da Lei 7/85, de trescentos euros (300,00 €) por mes, modificando en consecuencia a base 52 das bases de execución do orzamento municipal para o ano 2018, prorrogado a 2019, nos termos indicados no presente acordo.

Tendo en conta que os distintos grupos constan de distinto número de membros, asignaráselle a cantidade de trinta euros (30,00 €) por concelleiro ao mes, ao abeiro do artigo antes citado. Destas cantidades, cada grupo municipal está obrigado a levar unha contabilidade específica, non podendo dedicarse polos grupos ao pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación, nin a adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.